

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 22 DE NOVEMBRO DE 2023

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e dous de novembro de 2023, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a denegacións das seguintes licenzas: para implantación dun uso residencial nunha edificación existente e a súa ampliación, así como a construción dun novo anexo en risco, parroquia de Teixeira (exp. 2021/Y001/000164) e a para legalización de obras de reforma e cambio de uso en edificación existente de planta baixa e planta primeira con licenzas números 250/79 e 119/80 na estrada da Coruña, números 60-62 (exp. 2021/Y001/000224) (2023Gg004/000992).

Acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para construción de dúas edificacións tipo caseta prefabricada para conter centro de transformación e almacenamento de enerxía eléctrica en Paraxe Cancelos, Penarrubia (exp. 2023/Y001/000265) e para modificación do proxecto básico e de execución de instalacións na construción de residencia de persoas maiores, sen variar as condicións urbanísticas, como modificación do proxecto con licenza urbanística, outorgada con referencia 2020/Y001/000289, na rúa Serra Gañidoira (exp. 2023/Y001/000140).

2. PLANEAMENTO.- Acórdase aprobar a solicitude de desistencia formulada pola Xunta de Compensación do polígono número 2 do sector II do Plan de sectorización do Sulp In-G (Uzpi-2.I) en relación cos proxectos de compensación e de urbanización por ela presentados neste Concello.

6. recurso de alzada interposto contra os acordos da asemblea xeral da Xunta de compensación do polígono nº 2 do sector II do Plan de sectorización do Sunp In-G (Uzpi-2.I) celebrada o 25-05-2023.

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación na contratación da obra acondicionamento e mellora do firme da estrada municipal que comunica os núcleos rurais de Portanova, Fontemaior e Airexe (Santa María de Coeses), obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación. exp. ref. 2023/C002/000008.

4. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para a reforma e ampliación de vivenda unifamiliar pareada existente na rúa Farallóns, números 3-5.

Tamén se acorda a regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para a construción dun almacén para garda de apeiros agrícolas e almacén de froita, así como servizo para unha plantación de arandos na Raña, Santiago de Saa.

Acórdase estimar o recurso de reposición alegando erro na valoración do expediente 2021/Y001/000136.

5. PERSOAL.- Acórdase a convocatoria de concurso para a provisión de varios postos de traballo no Excmo. Concello de Lugo de administrativos/as.

Tamén se acorda a rectificación do erro detectado no acordo 10/754 relativo ás bases específicas para a cobertura en propiedade dunha praza de operario/a (Grupo AP-agrupacións profesionais) de Cemiterio pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de acceso libre reservado a persoas con discapacidade (OEP 2020).

6. FOMENTO.- Acórdase aprobar o Convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo, asociación de veciños, comerciantes e industriais distrito da Milagrosa para a celebración da gala deportistas da Milagrosa 2023.

ÁREA DE GOERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA

7. DEPORTES.- Acórdase aprobar as iniciación e adxudicación de subvención previstas nominativamente no orzamento polo procedemento de concesión directa mediante Convenio: a favor de "Ensino C.B."; a favor de "Club Emevé"; a favor de Club Fluvial; a favor de Club Portamiñá; a favor de Club Tríatlon cidade de Lugo; a favor de Club Estudiantes e a favor de "Escudería Miño".

8. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase a aprobación da modificación da base oitava, das bases de selección do persoal docente da especialidade de operacións de gravación tratamento de datos e documentos; nivel 1, - obradoiro de emprego Arquivalugo.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

9. MERCADOS.- Acórdase a revogación de autorizacións de venda no mercado de Frigsa.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e Impulso Rural e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.